

O fusilamento de Miñones en 1936

Por MIRO VILLAR

Recé publicou-se nas páxinas deste xornal a boa nova da aparición dun libro intitulado «Pepe Miñones: un crimen en la leyenda. 1900-1936», da autoria do estudoso corcubiónés Luis Lamela e que foi publicado na prestixiosa colección «Documentos para a historia contemporánea de Galiza» de Editorial do Castro. O acontecemento é de louvar por unha dobre motivación, de primeiras o seu autor foi capaz de mergullar-se nos arquivos militares eludindo os numerosos atrancos que lle puxeron diante e dos que algunhas persoas sabemos ben através do historiador Pancho Mayán que nos falou sempre desa dificultades engadida conoado se trata de remexer na historia dos anos da guerra.

Xunto a esa teimosia por ter na man os documentos Luis Lamela é merecente da nosa noraboa e das nosas gabanzas por pescudar no fusilamento do deputado progresista Miñones cando aínda sobreviven entre nós, coa cabeza ben erguida, moitos dos protagonistas negativos do «asasinato político».

E aquí non concordamos co autor do libro cando chega á conclusión de que Miñones «non foi axusticiado por motivos militares nen políticos, senón por unha trama civil». A agarda de ler minuciosamente o seu libro e de coñecer os fundamentos nos que basea a tallante afirmación, aportarei novidades dun documento que pode esclarecer o seu «asasinato político».

Trata-se dunha carta aparecida na revista Nova Galiza, número 15, que se publicou en Barcelona con data 1 de febreiro de 1938, editada na zona republicana estaba dirixida por escritores galegos anti-fascistas entre eles Castelao. De primeiras dí-se que é unha copia fidel dunha carta chegada a Rio de

Janeiro e datada en Fisterra o 19 de xaneiro de 1937, «que puido sair de Galiza agachada no seo dunha muller». A carta describe polo miúdo a represión dos fascistas nas vilas de Corcubión e Cee, con nomes propios dos asasinados «por teren pertencido a unha sociedade obreira» e cita a Norberto Recamán, Teófilo Mejuto, a mestra de Corcubión Mercedes Romero... e moitas persoas mais que non citamos por razón de espácio pero que estarán no recordo de moita xente, pasados polas armas, torturados, condenados, deportados ou simplemente destituídos. Polo que respecta ao deputado republicano a carta recolle textualmente isto: «Espantan as atrocidades que se están cometendo, principalmente a que fixeron con Deputado do Frente Popular, don José Miñones de Corcubión. Despois de telo preso na Coruña desde o principio, condenáronno a morte e a pagar unha multa de un millón de pesetas, afíns do mes de outono para fusilalo ao remate o dous de decembre. Neste interin tiveronno tres ou catro veces en capilla varios días. Así estivo cunha agonía alongada de mais de un mes, ate que foi fusilado, porque había interés en que desaparecera por parte dos seus enemigos que estiveron tragallando, baixo corda, ate sairen coa súa. (...) direiche que morreu perdoando a todos os seus enemigos e finou como un valente, defendendo a berros os seus ideais de liberdade e democracia».

A carta continua falando de como se asañaron tamén coa súa familia e logo dá os nomes dos dirixentes mais criminais da zona. Diremos para rematar que a revista Nova Galiza foi re-editada por a Editorial do Castro e que tamén se inclúe esta carta para quen a queira ler enteira.